



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO. DO SOCIAL N. 1 LUGO

SENTENCIA: 00138/2021

R/ ARMANDO DURAN, 1, 4º 27071 LUGO
Tfno: 982 29 47 53 - 54
Fax: 982 294 751
Equipo/usuario: PR
NIG: 27028 44 4 2020 0000820
Modelo: N02700

DSP DESPIDO/CESES EN GENERAL 0000269 /2020

Procedimiento origen: /

Sobre: DESPIDO

DEMANDANTE/S D/ña:

RODRIGUEZ FEIXOO, ALBERTE XULLO RODRIGUEZ FEIXOO

DEMANDADO/S D/ña:

ABOGADO/A: , , FERNANDO PRADO GOMEZ , , ,

SENTENZA Nº 138/2021

Xuíz: Eladio Prieto Bellas.

Lugar: Lugo.

Data: 25 de febreiro de 2021.

Demandantes: dona _____ e dona _____ , asistidos por
don Alberte Xullo Rodríguez Feixoo e dona Sabela Lage Díaz.

Demandados: dona _____

asistidos por don Fernando Prado Gómez.

ANTECEDENTES DE FEITO

ÚNICO.- Foi presentada demanda o 24-3-2020 na que se solicitou: 1) declaración de improcedencia dos despedimentos das demandantes; 2) ter dereito dona _____ a 224 euros con xuros do 10%; 3) ter dereito dona _____ a _____



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

1441,86 euros con xuros do 10%; 4) condena das demandadas, con carácter solidario, a estar e pasar polas expresadas declaracións e facer efectivas as cantidades resultantes.

As demandadas solicitaron a desestimación da demanda.

As demandadas propuxeron, como medios de proba, documentos.

As demandantes propuxeron, como medios de proba, documentos, interrogatorio de partes, declaracións de testemuñas.

Todos os medios de proba propostos foron admitidos.

Despois da declaración de don _____, dona _____, dona _____ e da intervención final dos avogados, rematou o xuízo.

FEITOS PROBADOS

PRIMEIRO.- A antigüidade de dona _____ era de 14-6-2001, a categoría profesional de dependente, o salario de 44,05 euros brutos diarios incluída parte proporcional de pagas extra, centro de traballo en Lugo, por tempo indefinido, xornada de 40 horas semanais, o seu contrato extinguiuse o 29-2-2020.

A antigüidade de dona _____ era de 14-10-2008, a categoría profesional era de dependente, o salario bruto diario de 41,20 euros, incluída parte proporcional de pagas extra, o lugar de traballo Lugo, o contrato por tempo indefinido, 40 horas semanais, o seu contrato extinguiuse o 29-2-2020.

SEGUNDO.- Dona _____, dona _____, don _____, don _____, dona _____, don _____ forman un grupo de empresas.

TERCEIRO.- As demandantes non ostentan nin ostentaron a condición de representantes dos traballadores.

CUARTO.- Tivo lugar acto de conciliación o 22 de xullo de 2020. A papeleta presentouse o 26 de maio de 2020. Finalizou sen avinza respecto a don _____ e tentado sen efecto en relación cos demais demandados.

QUINTO.- Os integrantes do grupo de empresas deben a dona _____ a 220,25 euros.

SEXTO.- Os integrantes do grupo de empresas deben a dona _____ 1238,31 euros máis xuros do 10% desde o 29 de febreiro de 2020. Os integrantes do grupo de empresas deben a dona _____ 206 euros.



ADMINISTRACION DE JUSTICIA



ADMINISTRACION DE JUSTIZIA

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Foi presentada demanda o 24-3-2020 na que se solicitou: 1) declaración de improcedencia dos despedimentos das demandantes; 2) ter dereito dona a 224 euros con xuros do 10%; 3) ter dereito dona a 1441,86 euros con xuros do 10%; 4) condena das demandadas, con carácter solidario, a estar e pasar polas expresadas declaracións e facer efectivas as cantidades resultantes.

As demandadas solicitaron a desestimación da demanda.

Dona estableceu como fundamento das súas pretensións: 1) a antigüidade era de 14-6-2001; 2) o contrato era por tempo indefinido; 3) a categoría profesional era de dependente; 4) o lugar de traballo era Lugo, Bispo Aguirre 12; 5) a xornada de traballo era de 40 horas semanais, de luns a sábado; 6) o salario debería ser 1362,59 euros mensuais pero a empresa só lle abonaba 1300,44 euros, ao recoñecerlle antigüidade de 27-5-2005 cando, en realidade, era de 2001; 6) o pago realizábase en man, en moeda de curso legal, nos primeiros días do mes seguinte ao seu pagamento; 7) a demandante non ostenta nin ostentou a condición de representante dos traballadores; 8) dona recibiu carta na que manifestaba solicitar xubilación con data de efectos de 1-3-2020 e que, non existindo persoa interesada, o contrato quedaba extinguido o 29-2-2020; 9) estamos en presenza de grupo de empresas laboral; 10) os demandados deben a dona 224 euros correspondentes a 5 días de vacacións; 11) circunstancias de covid impediron celebración de acto de conciliación.

Dona estableceu como fundamento das súas pretensións: 1) a antigüidade era de 14-10-2008; 2) o contrato era por tempo indefinido; 3) a categoría profesional era de dependente; 4) o lugar de traballo era Lugo, Bispo Aguirre 12; 5) a xornada de traballo era de 40 horas semanais, de luns a sábado; 6) o salario debería ser 1238,31 euros mensuais; 6) o pago realizábase en man, en moeda de curso legal, nos primeiros días do mes seguinte ao seu pagamento; 7) a demandante non ostenta nin ostentou a condición de representante dos traballadores; 8) dona recibiu carta na que manifestaba solicitar xubilación con data de efectos de 1-3-2020 e que, non existindo persoa interesada, o contrato quedaba extinguido o 29-2-2020; 9) estamos en presenza de grupo de empresas laboral; 10) os demandados deben a dona 1238,31 euros de nómina de febreiro de 2020 e 203,55 euros de 5 días de vacacións; 11) circunstancias de covid impediron celebración de acto de conciliación.

As demandadas propuxeron, como medios de proba, documentos.

As demandantes propuxeron, como medios de proba, documentos, interrogatorio de partes, declaracións de testemuñas.



Todos os medios de proba propostos foron admitidos.

Don _____ declarou que era titular de _____, que é marido de _____, que _____ ten zapaterías, que é o pai de _____, que son as donas de _____, que o almacén está en polígono de Vilalba, que é o pai de _____, que _____ é a súa cuñada, que se chaman _____, que as empregadas traballaban cada unha na súa tenda, que _____ nunca saíu de Bispo Aguirre, que non sabe como aparece nos tickets de San Pedro, que sería outra _____, que non lles pagou indemnización por xubilación, que cando se xubilou pagoulle indemnización a _____ pero non a _____ porque dixo que non sabía o que lle correspondía, que _____ vive en Madrid desde fai 11 ó 14 anos, que o declarante non é socio de _____ nin de _____, que _____ vende por internet, que _____ é unha marca das fillas do declarante, que _____, que os pais do declarante tiñan tendas de calzado, que a súa cuñada tiña zapaterías, que son independentes.

Dona _____ (ex empregada de don _____) declarou que sempre a contratou _____; e traballou en _____ de Avenida Coruña, San Pedro e Bispo Aguirre, que estivo contratada por _____, a quen nunca viu, que non sabe quen é, que nunca viu a _____, que a declarante traballaba indistintamente, que todas as zapaterías estaban conectadas, que todas tiñan a mesma decoración, que, ás veces, íban a traballar a outras tendas, que o ticket de _____ é de _____, que nunca traballou en San Pedro, que a única _____ era ela.

Dona _____ (compañeira de traballo de _____) declarou que traballou en _____ de Bispo Aguirre e San Pedro, que non coñece a _____, que lles daba ordes _____, que traballaba nunha zapatería ou outra segundo necesidades, que o pantallazo é certo, que non lembra código de vendedora, que _____ traballaba en San Pedro, que non coincidiu con ningunha outra _____, que traballou en Bispo Aguirre e San Pedro, que tivo reclamación a empresa.

Os feitos declarados probados baséanse en documentos achegados ao proceso e declaracións emitidas en acto de xuízo.

En informe de vida de traballo (folio 157) consta que dona _____ aballou para _____ do 14-6-2001 ao 13-12-2001, para _____ do 14-12-01 ao 13-12-02, para _____ do 14-12-02 ao 26-05-03, para _____ do 27-5-03 ao 26-05-04, para _____ do 27-5-04 ao 26-5-05, para _____ do 27-5-05 ao 6-9-05, para _____ do 7-9-05 ao 7-8-11 e desde o 8-8-11.

As nóminas de dona _____ ascendían a 1300,44 euros (incluían 149,12 euros de complemento de antigüidade fixándoa en 27-5-05, 5391 días).



En realidade, a dona _____, considerando que as demandadas forman un verdadeiro grupo de empresas laboral, correspondíalle antigüidade de 14-6-01, 6834 días e, por tanto, un complemento de antigüidade e 189,03 euros, salario bruto mensual de 1339,91 euros.

En informe de vida de traballo de (_____) ez (folio 176) consta que prestou servizos para don _____ do 14-10-08 ao 13-4-19, para _____ do 14-4-09 ao 9-4-10 e para don _____ desde o 10-4-10.

As nóminas de dona _____ ascendían a 1238,31 euros (incluían 99,42 euros de antigüidade fixándoa en 10-4-10, 3612 días).

En realidade a dona _____, considerando que as demandadas forman un verdadeiro grupo laboral, correspondíalle antigüidade de 14-10-08, 4155 días e, por tanto, un complemento de antigüidade de 114,36 euros, salario bruto mensual de 1253,25 euros.

_____ ten como administradores a don _____ ez.

Don _____ ten como administradores a _____, apoderado don _____.

_____ ten como administradores a _____.

Don _____ e dona _____ están casados e son pais de dona _____, dona _____ e dona _____.

SEGUNDO.- Considero que as demandadas (salvo dona _____) forman un grupo de empresas de carácter familiar dedicados a unha mesma actividade, sometidas a unha única dirección e con prestación de traballadores en diversos centros pertencentes ao grupo de empresas, tal como resulta de documentos e declaracións emitidas no acto do xuízo. Deste xeito o despedimento das demandantes é improcedente e as demandadas poderán, en prazo de cinco días, optar entre readmisión ou pago de indemnización. A existencia dunha única dirección e a prestación de servizos polos traballadores para diferentes empresas sometidas a unha única dirección son factores que permiten afirmar, de conformidade coa xurisprudencia, que estamos ante grupo de empresas con responsabilidade solidarias dos seus integrantes.

No caso de _____ a indemnización ha de ser de 31717,32 euros (primeiro prazo ata o 11-2-2012-- Salario diario x meses x 3,75: 21144,88, segundo prazo desde o 12-2-2012 -- salario diario x meses x 2,75: 10572,44, data de inicio: 14/06/2001, data de finalización:



29/2/2020, número de días: 6835, número de meses: 225, salario bruto mensual de 1339,91 euros, salario diario: 44,05 euros, meses prazo 1 128, meses prazo 2 97).

No caso de indemnización ha de ser de 17171,24 euros (primeiro prazo ata o 11-2-2012-- salario diario x meses x 3,75: 6180,41 euros, segundo prazo desde o 12-2-2012 -- salario diario x meses x 2,75: 10990,83 euros, data de inicio: 14/10/2008, data de finalización: 29/2/2020, número de días: 4156, número de meses: 137, salario bruto mensual de 1253,25 euros, salario diario: 41,20 euros, meses prazo 1 40, meses prazo 2 97).

TERCEIRO.- Dona reclamou 224 euros por cinco días. Non consta que gozase de vacacione e serían as demandadas quen podería probar o contrario a través da documentación da empresa. Considero que lle corresponde á demandante a cantidade de 220,25 euros.

Dona reclamou 1238,31 euros de nómina de febreiro. Non se probou o pago de tal cantidade e era a demandada quen podería probar o pago de tal cantidade a través da documentación da empresa. Deste xeito, procede condenar ás demandadas ao pago de 1238,31 euros a dona . De modo similar ao parágrafo anterior, corresponde condenar ás demandadas a pagar a dona , por cinco días de vacacións, 206 euros.

DECIDO

Estimo a demanda.

Declaro que dona , dona o

orman grupo de empresas con responsabilidade solidaria.

Declaro improcedente o despedimento de dona de 29-2-2020 podendo optar as demandadas, en prazo de cinco días, entre readmisión ou pago de indemnización de 31717,32 euros (primeiro prazo ata o 11-2-2012-- Salario diario x meses x 3,75: 21144,88, segundo prazo desde o 12-2-2012 -- salario diario x meses x 2,75: 10572,44, data de inicio: 14/06/2001, data de finalización: 29/2/2020, número de días: 6835, número de meses: 225, salario bruto mensual de 1339,91 euros, salario diario: 44,05 euros, meses prazo 1 128, meses prazo 2 97).

Declaro improcedente o despedimento de dona de 29-2-2020 podendo optar as demandadas, en prazo de cinco días, entre readmisión ou pago de indemnización de 17171,24 euros (primeiro prazo ata o 11-2-2012-- salario diario x meses x 3,75: 6180,41 euros, segundo prazo desde o 12-2-2012 -- salario diario x meses x 2,75: 10990,83 euros, data de inicio: 14/10/2008, data de finalización: 29/2/2020, número de



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA

ADMINISTRACION
DE XUSTIZA

días: 4156, número de meses: 137, salario bruto mensual de 1253,25 euros, salario diario: 41,20 euros, meses prazo 1 40, meses prazo 2 97).

Condeno ás demandadas a estar e pasar polos anteriores pronunciamentos.

Condeno ás demandadas a pagar a dona ' a 220,25 euros.

Condeno á demandadas a pagar a dona C a cantidade de 1238,31 euros máis xuros do 10% desde o 29-2-2020.

Condeno á demandadas a pagar a dona a cantidade de 206 euros.

A obriga dos integrantes do grupo de empresas é solidaria.

Contra a presente resolución cabe a interposición de recurso de suplicación, para a súa resolución pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que deberá anunciarse dentro dos cinco días seguintes á notificación da sentenza, bastando a mera manifestación da parte ou do seu avogado, graduado social colexiado ou do seu representante, ao facerlle a notificación daquela, do seu propósito de entablarlo. Tamén poderá anunciarse por comparecencia ou por escrito das partes ou do seu avogado ou graduado social colexiado, ou representante ante o xulgado que ditou a resolución impugnada, dentro do indicado prazo.

Ao anunciarse o recurso deberá acompañarse o documento que acredite o ingreso de 300 euros como **depósito** para recurrir no BANCO SANTANDER, na Conta de Depósitos e Consignacións de este Xulgado correspondente ao presente procedemento número 2322-0000-65-0269-20, baixo apercibemento de non dar trámite ao recurso, salvo que o recurrente sexa traballador, os seus causahabentes, beneficiarios da Seguridade Social, o Estado, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais e as Entidades de Dereito Público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes deles, sindicato ou beneficiario do dereito á asistencia xurídica gratuíta.

Ademáis, cando a sentenza **condene ao pago de cantidade**, o recurrente que non goce do beneficio de xustiza gratuíta deberá acreditar, no momento de anunciar o recurso, haber consignado no BANCO SANTANDER, na Conta de Depósitos e Consignacións de este Xulgado correspondente ao presente procedemento 2322-0000-60-0269-20, a cantidade obxecto da condena, podendo substituírse a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval solidario de duración indefinida e pagadeiro ao primeiro requerimento emitido pola entidade de crédito.

No caso de que algún dos anteriores ingresos se verifique mediante transferencia bancaria, ésta deberá dirixirse á conta ES 55 0049 3569 92 0005001274, facendo constar como



beneficiario "JUZGADO SOCIAL NÚM. UNO DE LUGO", e como "concepto" o número de conta correspondente ao presente procedemento que proceda dos dous mencionados nos dous párrafos que anteceden.



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

Así o pronuncio e asino.

La difusión del texto de esta resolución a partes no interesadas en el proceso en el que ha sido dictada sólo podrá llevarse a cabo previa disociación de los datos de carácter personal que los mismos contuvieran y con pleno respeto al derecho a la intimidad, a los derechos de las personas que requieran un especial deber de tutelar o a la garantía del anonimato de las víctimas o perjudicados, cuando proceda.

Los datos personales incluidos en esta resolución no podrán ser cedidos, ni comunicados con fines contrarios a las leyes.

